# A noticia

# A noticia

- Texto informativo curto, que relata feitos verdadeiros, de forma obxectiva e impersoal.
- Narra feitos reais de actualidade e de interese xeral.

# Estrutura

- **TÍTULO**: texto breve que ten que cativar a atención. Pode haber un **antetítulo** (clasifica a información) e un **subtítulo**.
- **ENTRADA** (LEAD): primeiro parágrafo da noticia, separado do resto da noticia, que contén a información fundamental. Responde ás preguntas que, quen, cando, onde, etc.
- **CORPO**: desenvolvemento do texto que explica o sucedido, dá as razóns e pode incluír testemuños das persoas implicadas.

# A pirámide invertida

- Técnica xornalística que consiste en incluír nas primeiras liñas do texto a información máis relevante, para atraer a atención.



# Exemplo

Título

Autor/a

Entrada

## Xornadas sobre o Entroido organizadas pola Sociedade Antropolóxica Galega

**REDACCIÓN** ▪ Pontevedra

A Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA) celebrará en Pontevedra as "I Xornadas sobre o Entroido de Galiza", que terán lugar na Casa das Campás os días 21 e 22 de febreiro, a base de relatorios impartidos por diversos expertos na materia e dunha exposición de fotografías e atuendos tradicionais desta celebración que se locen nas localidades onde o Entroido ten máis raigame.

O xoves 21, a partir das 19:00 horas, Antonio Vázquez impartirá unha charla titulada "O entroido urbano en Pontevedra", dende a súa orixe no século XIX e o xurdimento da figura do Rei Urco, que preside os festexos na cidade. Seguiralle José Ángel Rodríguez, cunha ponencia sobre "O Entroido en Vilaboa" e o protagonismo das madamas e galáns, que percorren as parroquias de San Andrés e Santa Cristina representando unha danza ancestral e lucindo chamativas vestimentas e tocados. Por último, o etnógrafo Miguel Losada abordará "O Entroido en terras de Ourense", onde destacan as pantallas, os cigarróns e os peliqueiros no triángulo máxico que conforman as localidades de Xinzo, Verín e Laza.



Madamas e Galáns de Vilaboa. // Noé Parga

Foto

Corpo da noticia

Pé de foto e autor



# Partes da noticia

OURENSE

## Un incendio ameaza ao parque natural da Serra da Enciña da Lastra

As chamas xa calcinaron vinte hectáreas desde que se orixinou o lume ás cinco da tarde

MARÍA COBAS
O Barco 01 de agosto de 2012 03:23

As chamas avanzan no parque natural dá Serra dá Enciña da Lastra

O forte vento está a provocar que as chamas avancen a gran velocidade polos montes de Rubiá, nunha paraxe que se atopa cerca do parque natural de Serra dá Enciña da Lastra e que é limítrofe coa comarca do Bierzo, na provincia de León. A voracidade das chamas podería afectar á circulación nunha estrada secundaria, que se atopa entre os pobos de Porto e Real no municipio de Rubiá. Nestes momentos, segundo as primeiras estimacións da Consellería do Medio Rural, a superficie afectada xa supera as 20 hectáreas. O lume orixinouse ás 16.43 horas e nos traballos de control participan catro axentes forestais, once brigadas, seis motobombas, unha pa, seis helicópteros e cinco avións.

Apple prescinde da aplicación de Youtube

A compañía elimina a súa versión para acceder do portal de vídeo, polo que os usuarios terán que consultar a páxina a través dunha 'app' que Google xa está a preparar

¿Comentas?

FÚTBOL: MERCADO

O Arsenal anuncia a fichaxe de Cazorla

"Estou feliz de unirme ao equipo. É un club con grandes xogadores, un estadio fantástico e unha gran afección", indicou o centrocampista español, de 27 anos

¿Comentas?

MALAISIA

Unha nena de tres anos morre tras un exorcismo

As forzas de seguridade atopárona tombada boca abaixo e sepultada por un grupo de oito familiares, entre eles os seus pais, que a oprimían contra o chan

¿Comentas?



Aquí tes unha versión máis completa